

Programa de Intercooperación: Encontro Sectorial Asesorías e Consultorías

[En colaboración coa Rede Eusumo]

DATA REALIZACIÓN	16 de maio de 2025	DURACIÓN	2,5 horas
HORARIO	10:00 h – 12:30 h		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Online - ZOOM		
PERSOA DE CONTACTO	Teresa Balado Barciela	TELÉFONO	607698239
		E-MAIL	teresa@espazo.coop

OBXECTIVOS

Establécese como obxectivo xeral a promoción de encontros de intercooperación entre cooperativas para o fortalecemento sectorial e como obxectivos específicos:

- Dar a coñecer o Programa de Intercooperación da Unión, así como as distintas liñas de promoción do cooperativismo e a economía social para o ano 2025 por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a través da Rede Eusumo. Visualización do 2025 como Ano Internacional das Cooperativas.
- Favorecer o coñecemento mutuo entre as entidades participantes, tanto a nivel sectorial como intersectorial.
- Posibilitar a transferencia de temáticas, experiencias, metodoloxías, ou solucións para a posta en marcha de estratexias de cooperación.
- Contribuír á mellora da xestión empresarial e societaria e á consolidación das entidades participantes.
- Divulgar ferramentas e boas prácticas de intercooperación que favorezan o emprendemento e consolidación de proxectos e/ou procesos neste eido.
- Estimular e acompañar ao emprendemento e consolidación de proxectos e/ou procesos de intercooperación

PROGRAMA E CONTIDOS

10:00 h - Benvida e presentación do Encontro e do Programa de Intercooperación
 10:15 h - A nosa sectorial. Que hai de novo?
 10:30 h - As cooperativas da sectorial. Benvida ás novas cooperativas
 10:45 h - EspazoCoop. Datos, programas e recursos de interese
 11:00 h - Foro aberto. Comparte as novidades da túa cooperativa e achega as túas necesidades
 11:15 h - Grupos de traballo da sectorial. Consultorías: avance sobre ExpertCoop Consultorías / Asesorías: espazo de intercambio
 12:00 h - Conclusións e despedida

METODOLOXÍA

Desenvolverase un método de traballo que combina a análise e reflexión estratéxica o intercambio de opinións e experiencias que sirvan para estimular e ordenar o diálogo nun plano de igualdade e enriquecemento mutuo.

DIRIXIDO A

Persoas socias de cooperativas activas, principalmente aquelas que conforman a sectorial de Asesorías e Consultorías, así como doutras entidades da economía social no eido da Consultoría principalmente.